



MINISTERIO MINISTERIO DE DEFENSA
Persoal Civil

21/10/2025

COMUNICADO DA CIG – PERSOAL CIVIL DO MINISTERIO DE DEFENSA

Discriminación inaceptable: o persoal civil de Defensa queda outra vez fóra das melloras salariais

O pasado 25 de marzo publicouse o Real Decreto 248/2025, polo que se aprobou unha suba salarial para o persoal militar, xustificada polas súas “condicións particulares” e polos compromisos internacionais do Estado español coa OTAN.

Con esta decisión, o Goberno volve deixar fóra ao persoal civil de Defensa, xerando unha discriminación intolerable dentro do propio Ministerio.

Compromisos incumpridos e discriminación dobre

Dende a **CIG** iniciamos mobilizacións e asembleas en todo o Estado, esixindo unha mellora retributiva xusta e consolidable para o persoal civil. Froito da presión, en xuño conseguimos unha reunión coa Ministra de Defensa, quen se comprometeu a facer desta reivindicación a súa prioridade, pedindo un tempo prudencial para negociar co Ministerio de Facenda o financiamento necesario.

Pasado ese tempo, a CIG continuou convocando concentracións e conseguiu que o resto de organizacións sindicais da Mesa de Negociación se sumasen ás mobilizacións.

Porén, moitos abandonaron a loita en canto se anunciou unha nova reunión coa Ministra, mentres a CIG, por decisión asemblear, mantivo as protestas e a defensa firme do persoal civil.

O 17 de outubro tivo lugar a segunda reunión coa Ministra. Nesta ocasión informouse dunha suposta mellora retributiva que, lonxe de corrixir as desigualdades, profundiza na discriminación existente:

- O persoal laboral percibirá unha Mellora Unilateral da Administración (MUA) de 2.400 euros anuais (2.200 € en novembro e 200 € en decembro).
- Esta MUA non é consolidable e, en realidade, non supón unha suba de 200 €, senón de apenas 175 €, xa que se descontan os case 300 € que xa se viñan cobrando.
- O persoal funcionario queda completamente excluído destas melloras, sendo dobremente discriminado polo Ministerio de Defensa.

En resumo: dende o propio Goberno créase unha discriminación dentro doutra discriminación, un auténtico despropósito que amosa a falta de vontade política de recoñecer o traballo e compromiso do persoal civil de Defensa.

Seguimos na loita por salarios dignos

O 20 de outubro, na asemblea celebrada en Ferrol, o persoal decidiu continuar mobilizándose baixo o lema: “SALARIOS DIGNOS PARA O PERSOAL CIVIL DO MINISTERIO DE DEFENSA”.

A asemblea acordou convocar unha manifestación o xoves 13 de novembro ás 11:00 h, con saída dende a Porta do Parque do Arsenal de Ferrol ata o edificio de Facenda.

Así mesmo, o 20 de novembro ás 11:00 h celebrarase unha nova asemblea no Arsenal de Ferrol para informar das posibles novidades na Mesa de Negociación e decidir os seguintes pasos a seguir.

Chamamento á unidade

A CIG chama a todo o persoal civil do Ministerio de Defensa a manterse **mobilizado e unido**, porque só coa forza colectiva e a presión nas rúas conseguiremos o que nos negan nos despachos.